

Encontros de Promoción Dúatlón de Menores FEGATRI

Normativa Xeral

Dirixido a Deportistas con licenza vixente FEGATRI a partir de 6 anos cumpridos.

Categorías Prebenxamín (2015-2014), Benxamín (2013-2012), Alevín (2011-2010)e Infantil (2009-2008).

- Encontros de ámbito local/zonal, agrupando a deportistas por proximidade xeográfica e números semellantes de licencias.

-Proposta de reparto.- (poderá verse modificado en función do número de deportistas a acoller, percorridos, espazo dispoñible, etc):

Grupo 1: Ourense Provincia; 30 licenzas

Aviamán Trail & Tri Multideporte Maside (22)

Club Deportivo La Purísima (5)

Natación Pabellón Ourense (3)

Grupo 2: Lugo Provincia; 65 licenzas

A.D. Tri-Penta Terras de Lugo (1)

A. Polideportiva San Ramón de Vilalba (27)

Cidade de Lugo Fluvial (37)

Grupo 3: Ferrolterra, Sada; 78 licenzas

A.D. Náutico de Narón (34)

C. Natación Cedeira Muebles García (13)

Triatlón Ferrol (27)

Trisada (4)

Grupo 4: Coruña, Carballo, Oleiros, Arteixo; 110 licenzas

A.D. Fogar (42)

A.D. Triatlón Oleiros (25)

Club Hércules Termaria (31)

Triatlón Arteixo (12)

Grupo 5: Santiago Comarca; 104 licenzas

Club Olímpico de Vedra (14)

Club Triatlón Compostela (20)

Triatlon Inforhouse Santiago (70)

Grupo 6: Pontevedra Provincia; 70 licenzas

Club Atletismo Porriño (3)

Club Deportivo Pinarium (22)

Club Triatlón Mar de Vigo (37)

Club Triatlón Poio (5)

Team Corbelo (1)

Triatlón Rías Baixas (2)

(* Refírese únicamente ao número de licenzas das categorías de participación nestes encontros

- Datas e Sedes:

As propostas serán feitas polos organizadores coordinadas cos clubs participantes. Deberán confirmarse as mesmas por escrito coa data de celebración á Fegatri con tempo de antelación suficiente para a convocatoria de oficiais e contratación de ambulancia, así como a comprobación de inscrición que deberá pecharse o mércores anterior ao encontro para ser verificada e definitiva o mércores.

Unha ou dúas xornadas por grupo/zona, preferentemente cada unha entidade organizadora, con datas aproximadas en Abril, Maio e/ou Xuño.

- Probas e Distancias:

Preferentemente proba modificada de dúatlon, na que se elimina un dos segmentos de carreira a pé se xuntan nun só primeiro segmento. Isto simplifica moito a nivel loxístico, percorridos, aglomeracións en transicións, etc.; pode facerse a carreira, transición, ciclismo e rematar a proba, todo de xeito continuado, ou ben sen que sexa todo continuado, tomando os tempos dun segmento de carreira, despois dun segmento de ciclismo, e suma final de tempos (estilo “Nada e Corre”).

Aínda así, abertos a outros formatos que poidan facer os organizadores con seguridade (por exemplo, dúatlon convencional ou carreira de habilidades para os prebenxamín).

Distancias **máximas** para cada categoría:

- PreBenxamín: 300m Carreira a pé + 1000m Ciclismo
- Benxamín: 500m Carreira a pé + 2000m Ciclismo
- Alevín: 1000m Carreira a pé + 3000m Ciclismo
- Infantil: 1500m Carreira a pé + 4000m Ciclismo

- Formato:

Saídas contra o reloxo cumprindo cos protocolos covid-19 vixentes.

Límite aproximado de 100 participantes por proba (mellor manexo, menor aglomeración, menor risco...). É un número máis que suficiente tendo en conta as licencias de menores que hai en cada zona/grupo.

-Cronometraxe e dorsais:

Cronometraxe manual.

Uso de dorsais de corpo segundo se recolle no regulamento FEGATRI para dúatlon de categoría de menores: *“con cronometraxe manual só da meta, permitirase o uso dun único dorsal collido polas catro esquinas (con calquera medio de suxeición que o garanta) colocado visible ao fronte dos deportistas.*

Dorsais de bici e casco obrigatorios sempre que se cronometre un segmento de ciclismo de forma independente e/ou a proba remate no segmento de ciclismo. Neste último caso, a meta estará localizada uns 10-15 metros despois da liña de desmontaxe, tempo que se incluírá no sector.

- Axudas FEGATRI:

- Ambulancia
- 3 Oficiais

- Seguro de Responsabilidade Civil:

Propio do organizador ou posibilidade de contratar a través de FEGATRI.

- Outros gastos da proba:
A cargo do organizador.

- Clasificacións:

Estas probas non clasifican para ningún campionato. Trátase de ofrecer actividade para as categorías mencionadas. Aínda así, de cara á motivación dos e das participantes, é recomendable a elaboración dunha listaxe de tempos finais, que non ten por que ser necesario sacar alí no momento (publicaríanse posteriormente na web da FEGATRI.).

- Outros:

Por cumprimento de protocolos COVID farase “sede” pechada no entorno da transición/saída/meta, sen asistencia de público. Recomendarase dende a organización e clubs a mínima asistencia de familiares. O acces á zona pechada só será para acreditados (deportistas, oficiais, técnicos, delegado da Xunta Directiva do club e staff organización).